



informa

PROXIMA PUBLICACIÓN NO DOG DA CONVOCATORIA DA CARREIRA PROFESIONAL 2020

Está previsto que o **luns 30 de novembro de 2020** se publique no DOG a Resolución do 20 de novembro de 2020, da Dirección Xeral de Recursos Humanos, pola que se convoca o procedemento de acceso aos graos I a IV de carreira profesional correspondente á convocatoria do ano 2020.

O **prazo para a presentación das solicitudes** iniciarase o 1 de decembro de 2020 e finalizará o 4 de xaneiro de 2021 (incluído).

Está previsto que se resolvan todas as solicitudes en maio de 2021 (como data límite o 4/5/2021), si ben **os efectos dos recoñecementos serán do 1/1/2021.**

Desde a DXRRHH enviarase a cada profesional un correo electrónico e un SMS informativo, e tamén se fará visible esta información en FIDES no apartado de "NOVAS" e "MIÑAS NOVAS".

Así mesmo estará dispoñible na páxina WEB da Consellería, a partir do día 1/12/2020, un documento con " Preguntas frecuentes Carreira Profesional 2020" e dúas presentacións informativas.

Para máis información diríxete as/os delegadas/os de CIG-Saúde